

# I. Disposicións xerais

## XEFATURA DO ESTADO

**18557** *LEI 5/2000, do 16 de outubro, relativa á derogación da disposición adicional primeira da Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica.* («BOE» 249, do 17-10-2000.)

JUAN CARLOS I  
REI DE ESPAÑA

Sabede tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Constitución española, no seu artigo 149.1.15.<sup>a</sup>, determina entre as competencias exclusivas do Estado o fomento e a coordinación xeral da investigación científica e técnica.

A recente reforma da estrutura ministerial, en virtude da cal a Administración xeral do Estado conta, entre outros, cun Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, estruturado, por unha banda, nunha Secretaría de Estado de Política Científica e Tecnolóxica e, por outra, nunha Secretaría de Estado de Telecomunicación e para a Sociedade da Información, supuxo a modificación nalgúns casos e a adaptación noutros do exercicio das competencias ata agora atribuídas a diferentes órganos, incorporando, así mesmo, ó Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía entes e organismos de investigación científica e técnica.

A Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, establecía na súa disposición adicional primeira a constitución dunha Comisión Mixta do Congreso e do Senado para coñecer-lo Plan Nacional de Investigación Científica e Desenvolvemento Tecnolóxico e da memoria anual sobre o seu desenvolvemento, como mecanismo de seguimento e valoración por parte do Parlamento dos obxectivos en investigación científica e tecnolóxica.

Dado que o Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía queda configurado como Departamento responsable da política de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica, do desenvolvemento tecnolóxico e da ordenación das telecomunicacións, parece, pois, necesario proceder á derogación da referida disposición adicional primeira da Lei 13/1986, do 14 de abril, xa que a actual estrutura do Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía fai innecesaria a existencia da Comisión Mixta Congreso e Senado de Investigación Científica e Desenvolvemento Tecnolóxico.

Artigo único.

Queda derogada a disposición adicional primeira da Lei 13/1986, do 14 de abril, de fomento e coordinación xeral da investigación científica e técnica.

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 16 de outubro de 2000.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

## MINISTERIO DA PRESIDENCIA

**18657** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 1445/2000, do 31 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 490/1998, do 27 de marzo, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria específica dos alimentos elaborados a base de cereais e alimentos infantís para lactantes e nenos de curta idade.* («BOE» 250, do 18-10-2000.)

Advertido erro no texto do Real decreto 1445/2000, do 31 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 490/1998, do 27 de marzo, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria específica dos alimentos elaborados a base de cereais e alimentos infantís para lactantes e nenos de curta idade, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 9 en lingua galega, do 19 de agosto de 2000, procédese a efectua-la oportuna modificación:

Na páxina 639, primeira columna, artigo único, punto 1.4, última liña, onde di: «... productos sanitarios.», debe dicir: «... productos fitosanitarios.».

**18658** *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 1446/2000, do 31 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 72/1998, do 23 de xaneiro, polo que se aproba a regulamentación técnico-sanitaria específica dos preparados para lactantes e preparados de continuación.* («BOE» 250, do 18-10-2000.)

Advertido erro no texto do Real decreto 1446/2000, do 31 de xullo, polo que se modifica o Real decreto 72/1998, do 23 de xaneiro, polo que se aproba a regu-